



COMUNICADO DO CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA VERBO DAS
NEGOCIACIÓNS DAS CONDICIÓNS DA QUENDA DE OFICIO.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2024.

Nun encontro clave dentro das negociacións para a mellora da prestación da asistencia xurídica gratuíta, o Consello da Avogacía Galega e a Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia lograron avances significativos hoxe, tras unha reunión produtiva que contou coa presenza dos decanos e decanas dos sete colexios de avogacía de Galicia e o Director Xeral de Xustiza. Este encontro, marcado polo diálogo construtivo e o compromiso mutuo, resultou en acordos fundamentais que reflicten optimismo cara á consecución das reivindicacións históricas da avogacía.

Entre os logros máis destacados atópanse:

Mantemento de Convenios Actuais: Acordouse manter os convenios existentes (accesibles en <https://avogacia.gal/convenios>) que amplían a cobertura da xustiza gratuíta en Galicia a actuacións non previstas na lexislación estatal, asegurando así un acceso máis amplo á xustiza para todos os galegos e galegas.

Convenio de Insolventes: a declaración responsable do letrado/a será suficiente para acreditar a insolvencia do cliente, facilitando o cobro polos seus servizos sen necesidade de ter que aportar probas por veces moi difíciles de conseguir. A cambio, o Letrado designado renuncia á xura de contas e ao cobro da prestación polo cliente.

Inclusión e actualización no baremo de indemnizacións: Acordouse incluír conceptos tales como a **intervención letrada en entradas e rexistros domiciliarios**, o **proceso concursal**, e **procesos de especial complexidade** en todos os ordes. Ademais, revisaranse e actualizaranse todas as cantidades do baremo, para o que o Consello volveu a insistir na necesidade de incrementar o orzamento autonómico para xustiza gratuíta. Entre tanto, manterase a baremación dos procedementos, códigos e claves sen en ter en conta as ultimas reformas das contías dos procesos.





CONSELLO
DA AVOGACÍA
GALEGA

Estes avances representan un fito máis no esforzo continuo por mellorar o sistema de xustiza en Galicia, demostrando o compromiso de todas as partes por alcanzar solucións que beneficien tanto á profesión como á cidadanía en xeral. As negociacións seguirán adiante, con novas reunións previstas unha vez se constitúa o novo goberno. Por último, o Consello solicitou adiantar a termo de vixencia do Convenio, para acadar estas melloras canto antes.

